



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE
FENE

O Pazo 13-15 e 23-25 • 15528 Fene • A Coruña
Tlf. 881 93 82 80 • ies.fene@edu.xunta.es
881 93 82 60 • www.edu.xunta.gal/centros/iesfene



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2021 – 2022

CENTRO: IES DE FENE

CURSO: 1º DE BACHARELATO

MATERIA: ECONOMÍA

DEPARTAMENTO: ECONOMÍA

1. Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución:

Estándar de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
Bloque 1: Economía e escaseza. A organización da actividade económica	
Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir entre decisións alternativas, como problema máis determinante para afrontar en todo sistema económico.	Recoñece a escaseza e a necesidade de elixir entre decisións alternativas, como problema do sistema económico.
Analiza as respostas ás preguntas clave sobre a organización dos principais sistemas económicos.	Enumera os rasgos esenciais dos principais sistemas económicos.
Relaciona, para a súa interpretación, os cambios máis recentes no escenario económico mundial coas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican, a partir de casos concretos de análise.	Relaciona os cambios máis recentes no escenario económico mundial coas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican.
Compara sistemas económicos, utilizando exemplos actuais do ámbito internacional.	Compara as características dos sistemas económicos, de forma sinxela.
Distingue as proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas.	Define, diferenciadamente, as proposicións económicas positivas e as proposicións económicas normativas.
Interpreta os modelos de representación da realidade económica, e emprega os termos e a metodoloxía apropiados para analizar problemas económicos concretos.	Emprega termos e metodoloxía sinxelos para analizar problemas económicos concretos.
Bloque 2: A actividade produtiva	
Expresa unha visión integral do funcionamento do sistema produtivo partindo do estudo da empresa e a súa participación en sectores económicos, así como a súa conexión e interdependencia.	Expresa unha visión sinxela do funcionamento do sistema produtivo, partindo do estudo da empresa e a súa participación en sectores económicos.
Relaciona o proceso de división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global.	Define o proceso de división técnica do traballo de forma clara.
Clasifica e define os factores produtivos, e describe as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	Define os factores produtivos, produtividade, eficiencia e tecnoloxía, recoñecendo as súas diferenzas.
Analiza para explicar as repercusións da actividade das empresas, tanto nun ámbito próximo coma nun ámbito internacional.	Explica as repercusións na economía da actividade das empresas, de forma sinxela.
Distingue e interpreta os obxectivos e as funcións das empresas.	Distingue os obxectivos e as funcións das empresas.
Explica a función creadora de utilidade dos bens das empresas.	Explica a función creadora de utilidade dos bens das empresas, de forma sinxela.

Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica a partir dos casos formulados.	Distingue entre eficiencia técnica e económica.
Calcula, clasifica e utiliza diversos tipos de custos, fixos e variables, totais, medios e marxinais, e representa e interpreta gráficos de custos.	Calcula diversos tipos de custos, fixos e variables, totais, medios e marxinais, e representa e interpreta gráficos de custos sinxelos.
Calcula, analiza e interpreta os beneficios dunha empresa a partir de supostos de ingresos e custos dun período.	Calcula e interpreta os beneficios dunha empresa a partir de supostos sinxelos de ingresos e custos.
Representa e interpreta gráficos de produción total, media e marxinal, a partir de supostos dados.	Representa e interpreta gráficos de produción total, media e marxinal, a partir de supostos sinxelos.
Bloque 3: O mercado e o sistema de prezos	
Representa graficamente os efectos das variacións das variables no funcionamento dos mercados.	Non se considera.
Define e expresa matematicamente as variables que determinan a oferta e a demanda.	Define as variables que determinan a oferta e a demanda.
Analiza as elasticidades de demanda e de oferta, interpretando os cambios en prezos e cantidades, así como os seus efectos sobre os ingresos totais.	Analiza os cambios en prezos e cantidades, así como os seus efectos sobre os ingresos totais.
Analiza e compara o funcionamento dos tipos de mercados, e explica as súas diferenzas.	Analiza o funcionamento dos tipos de mercados, e explica as súas diferenzas, de forma sinxela.
Aplica a análise dos tipos de mercados a casos reais identificados a partir da observación do ámbito máis inmediato.	Aplica a análise dos tipos de mercados a casos reais, de forma sinxela.
Valora de forma crítica os efectos que se derivan sobre os axentes intervenientes nos diversos mercados.	Valora de forma sinxela os efectos que se derivan sobre os axentes intervenientes nos diversos mercados.
Bloque 4: A macroeconomía	
Mide, interpreta e expresa as principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país.	Explica as principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país, de forma sinxela.
Relaciona as principais macromagnitudes e utilízalas para establecer comparacións con carácter global.	Relaciona as principais macromagnitudes entre si.
Analiza de forma crítica os indicadores estudados e valora o seu impacto, os seus efectos e as súas limitacións para medir a calidade de vida.	Analiza os indicadores estudados e valora o seu impacto, os seus efectos e as súas limitacións.
Utiliza e interpreta a información contida en táboas e gráficos de variables macroeconómicas e a súa evolución no tempo.	Interpreta, de forma sinxela, a información contida en táboas e gráficos de variables macroeconómicas e a súa evolución no tempo.

Considera investigacións e publicacións económicas de referencia como fonte de datos específicos, e recoñece os métodos de estudo utilizados por economistas.	Considera publicacións económicas de referencia como fonte de datos fiable, e recoñece os métodos de estudo utilizados por economistas.
Opera con variables económicas mediante aplicacións informáticas, análizaas e interprétaas, e presenta as súas valoracións de carácter persoal.	Opera con variables económicas básicas mediante aplicacións informáticas e presenta as súas valoracións de carácter persoal.
Examina e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados co mercado de traballo.	Comprende datos e gráficos de contido económico relacionados co mercado de traballo.
Valora a relación da educación e a formación coas probabilidades de obter un emprego e mellores salarios.	Valora a relación da educación e a formación coas probabilidades de obter un emprego e mellores salarios.
Investiga e recoñece vieiros de ocupación e tendencias de emprego.	Recoñece novas tendencias de emprego.
Analiza os datos de inflación e desemprego en España e as alternativas para loitar contra o desemprego e a inflación.	Analiza de forma sinxela as alternativas para loitar contra o desemprego e a inflación.
Bloque 5: Aspectos financeiros da Economía	
Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha economía.	Explica de forma sinxela o funcionamento do sistema financeiro nunha economía.
Recoñece as causas da inflación e valora as súas repercusións económicas e sociais.	Recoñece as repercusións económicas e sociais da inflación.
Valora o papel do sistema financeiro como elemento canalizador do aforro ao investimento, e identifica os produtos e os mercados que compoñen.	Identifica os produtos e os mercados que compoñen o sistema financeiro.
Razoa de forma crítica, en contextos reais, sobre as accións de política monetaria e o seu impacto económico e social.	Razoa de forma simple, as posibles accións de política monetaria e o seu impacto económico.
Identifica os obxectivos e a finalidade do Banco Central Europeo, e razoa sobre o seu papel e o seu funcionamento.	Identifica os obxectivos do Banco Central Europeo.
Describe os efectos das variacións dos tipos de xuro na economía.	Describe, de forma básica, os efectos das variacións dos tipos de xuro na economía.
Bloque 6: O contexto internacional da economía	
Identifica e describe os fluxos comerciais internacionais.	Coñece os fluxos comerciais internacionais.
Explica o proceso de cooperación e integración económica producido na Unión Europea, e reflexiona para valorar as repercusións e as implicacións para España nun contexto global.	Explica, de forma sinxela, o proceso de integración económica producido na Unión Europea, e as súas implicacións para España.
Expresa as razóns que xustifican o intercambio	Comprende as razóns que xustifican o

económico entre países.	intercambio económico entre países.
Describe as implicacións e os efectos da globalización económica nos países e reflexiona sobre a necesidade da súa regulación e da súa coordinación.	Describe os efectos da globalización económica nos países e comprende a necesidade da súa regulación.
Bloque 7. Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía	
Identifica e analiza os factores e as variables que inflúen no crecemento económico, no desenvolvemento e na redistribución da renda.	Identifica os factores que inflúen no crecemento económico e na redistribución da renda.
Diferencia os conceptos de crecemento e de desenvolvemento.	Comprende os conceptos de crecemento e de desenvolvemento.
Recoñece e explica as consecuencias do crecemento sobre a repartición da riqueza, sobre o ambiente e sobre a calidade de vida.	Explica, de forma sinxela, as consecuencias do crecemento sobre a repartición da riqueza e a calidade de vida.
Analiza de forma práctica os modelos de desenvolvemento dos países emerxentes e as oportunidades que teñen os países en vías de desenvolvemento para crecer e progresar.	Comprende e explica, de forma sinxela, as oportunidades que teñen os países en vías de desenvolvemento para progresar.
Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.	Comprende e explica, de forma sinxela, os problemas ambientais e o seu impacto económico.
Desenvolve actitudes positivas en relación co ambiente e valora a consideración da protección do ambiente na toma de decisións económicas.	Desenvolve actitudes positivas en relación co ambiente.
Identifica os bens ambientais como factor de produción escaso, que proporciona inputs e recolle refugallos e residuos, o que supón valorar os custos asociados.	Identifica os bens ambientais como factor de produción escaso e a respetar.
Recoñece a evolución cíclica da actividade económica, describe as fases, as representa graficamente e considera as súas consecuencias sociais.	Recoñece e explica, de forma sinxela, a evolución cíclica da actividade económica e a representa graficamente.
Distingue e explica as funcións do Estado: fiscais, estabilizadoras, redistributivas, reguladoras e provedoras de bens e servizos públicos.	Explica, de forma sinxela, as funcións básicas do Estado.
Identifica os principais fallos do mercado, as súas causas e os seus efectos para os axentes que interveñen na economía, e as opcións de actuación por parte do Estado.	Explica, de forma sinxela, os principais fallos do mercado e as opcións de actuación por parte do Estado.
Clasifica e describe os elementos integrantes dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e	Describe os elementos integrantes dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de controlar a súa execución, de forma sinxela.

controlar a súa execución.	
Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa.	Define, de forma sinxela, as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo.
Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización.	Non se considera.
Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro.	Analiza as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro, en supostos prácticos sinxelos.
Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa.	Comprende a importancia das fontes externas e internas de financiamento para a empresa.
Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira.	Analiza as opcións financeiras que mellor se adaptan a supostos prácticos sinxelos.
Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos.	Non se considera.
Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases.	Describe, de forma sinxela, as fases da actividade da empresa.
Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases.	Non se considera.

2. Criterios de cualificación:

- Docencia presencial:

A nota global de cada avaliación conformarase nun 80% coa nota das probas escritas/orais (exames) efectuadas. O restante 20 % corresponderase con: o traballo realizado nas clases e os traballos/exercicios que o alumnado terá que desenvolver por si só ou en grupos sobre os contidos vistos na clase. A nota no apartado do 80% será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas escritas/orais, ponderadas, no seu caso, segundo o número de temas que abarcou cada unha.

Redondeo (soamente para o boletín de notas): cando a nota global resultante na avaliación tivera decimais, se aproximará ao número enteiro superior se os decimais fosen superiores a medio punto, e ao número enteiro inferior se fosen de medio punto ou non o excederan. A única excepción será cando esta nota global esté entre 4 e 5 puntos: aquí, redondearase ao 4, posto que o alumno non acada o 5 mínimo para aprobar.

Será necesario acadar unha nota dun mínimo de 5 puntos, sobre 10, en cada avaliación

para aprobala. No caso de que o alumno non acade un 5 no computo global da súa nota, terá que facer a recuperación, ao finalizar o trimestre, de toda a materia impartida na avaliación cos mesmos criterios de cualificación.

Se o alumno acada un 5, ou nota superior, na recuperación, terá a avaliación aprobada; se non acada o 5, estará suspensa. A primeira e a segunda avaliación terán a súa oportunidade de recuperación na seguinte avaliación. A terceira avaliación terá a súa oportunidade de recuperación na avaliación final ordinaria.

O alumno deberá ter superadas cun 5, ou nota superior, as tres avaliacións para aprobar o curso. De non terse superado algunha avaliación, o alumno deberá acudir a avaliación final ordinaria para recuperala.

Solo se calculará a nota media final do curso coas notas obtidas nas tres avaliacións, por separado, se estas notas aparecen todas cun 5, ou nota superior, no boletín de notas. Esta nota media final do curso calcularase facendo a media aritmética das tres notas globais, sen redondeos, de cada avaliación e será sempre dun 5 ou superior.

Na avaliación final ordinaria, farase un exame por cada unha das avaliacións (completas, non de parte das mesmas) que o alumno teña pendentes de superar. Será preciso obter unha nota dun mínimo de 5 puntos sobre 10 en cada unha das avaliacións das que o alumnado se esté a examinar. Se non se chegase a esta nota en cada unha, a materia quedaría suspensa, quedando como última oportunidade a avaliación extraordinaria. Poderá ser requisito imprescindible para aprobar a presentación de determinadas actividades (escritas ou en soporte informático) non realizadas ao longo do curso, cuestión que lle será indicado ao alumnado afectado con antelación.

Na avaliación extraordinaria, farase unha proba escrita da totalidade da materia, sendo preciso obter unha nota dun mínimo de 5 puntos sobre 10.

- Docencia semipresencial:

Seguiranse cos contidos previstos na programación didáctica de departamento.

A parte teórica e expositiva dos contidos faranse presencialmente e a parte máis práctica, telemáticamente.

O traballo telemático consistirá en exercicios (prácticos ou teóricos), que se resolverán nas propias conexións telemáticas, e resolución de dúbidas. Realizarase mediante videoconferencia (con programa Webex, preferentemente, ou similar) e, de ser o caso, mediante correo electrónico.

O alumnado poderá consultar o avanzado nas clases a través da aula virtual do centro.

Os exames faranse presencialmente sempre que sexa posible. No caso de que o alumnado non poida acudir ao centro para realizar os exames, estes faranse mediante videoconferencia, debéndose usar a videocámara en todo momento, utilizando Webex ou programa de videoconferencia similar. De non ser posible este uso da videocámara, o exame farase por calquera medio que permita a visualización e escoita do alumnado: videochamada de WhatsApp, etc.

Se o día pactado de exame, a conexión da videocámara non fose posible, o exame realizarase noutro día/hora que determinará o profesor, ata ser posible a conexión con visualización do alumnado. De ser imposible esta conexión dentro da avaliación correspondente, o alumnado que non puidera ser así avaliado, levará un “non presentado” na avaliación e faráselle o exame na seguinte avaliación (presencial, sempre que sexa posible).

Este exames con videocámara poderán ser orais (preferentemente) ou escritos, seguindo as indicacións que dará o profesor sobre a realización dos mesmos. Poderanse acordar co alumnado sesións telemáticas ou vía telefónica, previas aos exames, para explicarlle as normas que rexeran neste exames con videocámara.

Os criterios de cualificación e avaliación serán os mesmos que na docencia presencial, a non ser que haxa novas instrucións por parte da Consellería de Educación.

- Docencia telemática:

Seguiranse cos contidos previstos na programación didáctica de departamento.

Para seguir coas clases, seguiranse as instrucións que a Dirección do centro remita ao docente. Preferentemente, empregarase a videoconferencia, a aula virtual e o correo electrónico para axudar ao alumnado a seguir coa aprendizaxe.

Para avaliar o alumnado, se é posible, faránse as probas de modo presencial. De non ser posible, os exames telemáticos faranse según o procedemento descrito no apartado de “Docencia semipresencial”.

Os criterios de cualificación e avaliación serán os mesmos que na docencia presencial, a non ser que haxan novas instrucións por parte da Consellería de Educación.